

Unha visión real da televisión

Francisco Castro parodia a novela policial e os ‘mass media’

[XORNAL.COM](#)

O propio autor, Francisco Castro, define a súa obra como unha novela furiosa. Nas súas páxinas cheas de crítica á sociedade, Castro relata a historia de Xulio Míguez, un detective sen vocación que recibe a encomenda de atopar a un adegueiro desaparecido e relacionado co sadomasoquismo máis tétrico.

Unha parodia da novela policial que se acaba convertendo nunha dura crítica á sociedade ensimismada diante do televisor. Castro critica cun texto acedo a situación actual dos medios de comunicación e como estes están conseguindo durmir a xente.

O escritor vigués comezou a súa carreira no ano 1991. Cinco obras e tres premios despois – Premio Lueiro Rey de Novela CortaPremio Blanco Amor de novela largaPremio de Novela Manuel García Barros– presenta esta novela para adultos que incita a recapacitar sobre o mundo no que vivimos.

FRANCISCO CASTRO

GALAXIA, 2011

377 páx. 10,00€